



Infórmate a Fondo

NÚMERO 149 1º TRIMESTRE 2018

Autorízase a reprodución e divulgación desta folla informativa

www.fondogalego.org



**Viñetas a prol do
desenvolvemento sostible**

2

FONDO DE ARMARIO

6

Vacacións con Traballo
na África lusófona

3

OS PROXECTOS SOBRE O TERREO:
Resposta á emerxencia
alimentaria no Sáhara

8

Nova exposición
"No colo da esperanza"

6

ACTUALIDADE DO FONDO

Os ODS convertidos en viñetas

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade lanza unha **novidosa e creativa exposición** arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible que xa está a disposición dos concellos socios. Os municipios teñen un papel chave no cumprimento destas metas fixadas pola ONU co fin de erradicar a pobreza e as desigualdades no horizonte de 2030, pero para acadalas o primeiro paso é dalas a coñecer, e mellor se se fai dun xeito entretido, empregando o humor e a retrans que nos caracteriza para facelas máis comprensibles para cidadanía.

Na mostra 'Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Un camiño para acabar coa pobreza e as desigualdades alá e acolá', **cada un dos 17 ODS está representado por unha viñeta** dunha autora ou autor, tanto de Galicia coma

de países africanos da Lusofonía como son Mozambique, Cabo Verde e Guinea-Bissau. A través das obras destes 15 debuxantes, preténdese **fomentar a reflexión, a nivel local e global**, sobre temas como a loita contra a fame, o acceso á saúde e á educación, a equidade de xénero ou a protección do planeta. Ao tempo, búscase concienciar sobre as medidas que cadaquén pode tomar e/ou esixir ao respecto.

O Fondo Galego volve apostar así por accións que vinculan a sensibilización co mundo da arte e da cultura, co fin de implicar a este sector e visibilizalo. Ademais, fíxose un esforzo especial por incorporar autoras, tendo en conta que a banda deseñada é un xénero especialmente hostil para as mulleres, non só pola perpetuación dos roles de xénero senón tamén por manter ás ilustradoras nun segundo plano.

Na exposición podemos atopar as sinaturas de Neivaldo Nhatugueja, Iago Araujo, Pablo Rosendo, Roberto Mendes, María Nóvoa,

Alberto Fortes, María Vilar, Jano, Alicia Jaraba, Clara Patiño, Paula Esteban, Noemí López, Laprislazuli, Tokio e Luis Davila. A exposición resulta tamén innovadora polo seu formato, xa que as ilustracións

van montadas sobre **grandes caixas de cartón, e incorpora asemade unha unidade didáctica**, pensada inicialmente para Secundaria, aínda que as actividades propostas son adaptables.



ODS 4:
Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas as persoas.
Roberto Mendes (Guinea-Bissau)



ODS 7:
Garantir o acceso a unha enerxía alcanzable, segura, sustentable e moderna para toda a poboación.
María Vilar (Galicia)

Voluntariado na África lusófona para persoal municipal

Dúas empregadas e empregados das deputacións e concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade pasarán entre 15 días e **un mes colaborando cos parceiros da entidade en Mozambique e Cabo Verde** a través das Vacacións con Traballo. O **Concello de Rianxo** acolleu a presentación da décimo terceira edición do programa de voluntariado internacional, encabezada polo alcalde da vila e mais dúas traballadoras municipais que xa participaron na experiencia.

“É un orgullo que persoal municipal vaia coñecer outras realidades e realice un labor de cooperación”, considerou Adolfo Muíños, quen ademais alentou aos cadros dos concellos da contorna para ‘que se animen a vivir esta experiencia’.



O alcalde de Rianxo, Adolfo Muíños, presentou as Vacacións con Traballo canda as técnicas Ana Piñeiro (esquerda) e Uxía Cespón (dereita).

En palabras da arquitecta Ana Piñeiro, que colaborou co concello caboverdiano de Ribeira Grande, as Vacacións con Traballo “ábrenche os ollos, fanche ver que non

somos o embigo do mundo” e permiten apreciar “que é o realmente necesario, ao traballar sen tantas comodidades”. A educadora social Uxía Cespón, que apoiou ao muni-

cipio mozambicano de Mandlakaize, incidiu no feito de “compartir experiencias, amosar como traballamos aquí e aprender de como o fan alí”.

As e os participantes no programa **achegan asesoramento técnico nos países empobrecidos e intercambian coñecementos**, ao tempo que supervisan os proxectos de cooperación internacional e facilitan a colaboración entre o poder local galego e o do país de destino. Ademais, enchópanse doutras realidades e contribúen a concienciar sobre elas.

Ata o 30 de abril permanece aberto o prazo para presentar candidaturas ás Vacacións con Traballo, que desta volta buscan dous perfís prioritarios. En Mozambique, a Fundação Encontro, que atende a poboación vulnerable, precisa dunha **técnica/o informática/o** que lles axude a organizar a base de datos da súa área de Acción Social. En caso de non cubrirse esta praza, o perfil secundario sería o de educador/a social. O municipio caboverdiano de Santa Cruz, pola súa banda, require unha **técnica/o de Turismo** que contribúa a promover o turismo rural na Cámara Municipal. As opcións secundarias son as de técnica/o de Deportes, animador/a

sociocultural e técnica/o de Mocidade.

As candidaturas presentaranse enviando a ficha de solicitude ao enderezo electrónico comunicacion@fondogalego.org, canda o currículo, unha carta de motivación, e mais un escrito de apoio ou consentimento asinado pola/o representante política/o do Fondo Galego no correspondente concello ou deputación. **Alén da formación e a experiencia, valorarase a vinculación co eido da cooperación** e mais o dominio do galego e do portugués.

O programa cubre os gastos de desprazamento, aloxamento e manutención da viaxe, na que as persoas seleccionadas investirán o seu período de descanso. Co fin de visibilizar a realidade do Sur e sensibilizar fronte as desigualdades, o voluntariado publica un blog e á volta tamén se edita un caderno dixital. **Un total de 42 empregadas e empregados da administración local participaron** desde o ano 2006 nas Vacacións con Traballo.



Queres vivir unha experiencia de voluntariado internacional?

Se traballas nunha deputación ou concello socio do Fondo Galego de Cooperación **decídete a colaborar!**

 vacacionscontraballo.wordpress.com

 www.fondogalego.org   /FondoGalego

 **fondo galego**
de cooperación e solidariedade

 XUNTA DE GALICIA

 **cooperación galega**

ACTUALIDADE DO FONDO

En marcha o Plan de Actividades 2018

O Plan de Actividades 2018 xa está en marcha despois de que a Asemblea Xeral do Fondo Galego lle dera o visto bo na xuntanza do pasado 21 de marzo, logo de recoller as achegas realizadas polo persoal técnico nas xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria. O documento contempla **catro áreas**: fortalecemento da asociación, sensibilización da veciñanza fronte as desigualdades, proxectos de cooperación internacional e comunicación. Deste xeito, continuarase coa **captación de novas administracións sociais** e seguirán ofertándose actividades de educación para o desenvolvemento, como espectáculos musicais e teatrais, co apoio de unidades didácticas como novidade, ou as novidosas exposicións sobre Mozambique, as persoas refuxiadas e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

En canto á cooperación internacional, **afondarase nas intervencións en Mozambique**, a onde ademais se enviará unha misión político-técnica. Executaranse asemade os proxectos financiados a ONGD galegas en Guatemala, Honduras e Guinea-Bissau, alén de participar nunha iniciativa europea para consolidar o proceso

de paz en Colombia. Tamén se manterá a dobre vertente do programa de voluntariado internacional e cooperación técnica Vacacións con Traballo.

O presidente do Fondo Galego e alcalde de **Nigrán**, Juan González, foi o encargado de abrir a xuntanza da Asemblea Xeral expoñendo

o informe de situación, tras o que se presentou o balance económico de 2017, que tamén foi aprobado por unanimidade. **Ratificáronse a continuación as altas** de **Guitiriz** e **As Neves**, mentres que a Secretaría explicou tanto o proceso de elaboración do IV Plan Director da Cooperación Galega como o propio Plan de Actividades 2018.



Na primeira Asemblea Xeral de 2018 aprobouse a planificación e o orzamento para o ano en curso.



FONDO DE ARMARIO



Xuntanzas da RMS nas capitais de provincia

O **Concello de Ourense** e as **deputacións de Lugo, A Coruña e Pontevedra** acolleron entre o 30 de xaneiro e o 2 de febreiro as xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria, conformada por persoal das administracións locais e provinciais integradas no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. **Nos encontros, a Secretaría Técnica da entidade fixo balance** dos proxectos de desenvolvemento apoiados en países empobrecidos ao longo de 2017, así como das actividades de sensibilización, que chegaron a milleiros de persoas duns sesenta concellos. Ao tempo, expuxo as accións para o ano en curso, recollendo as achegas das e dos participantes. Entre estas atópanse dúas exposicións fotográficas, unha delas sobre Mozambique que foi presentada polo propio repórter Adrián Irago.



Nova exposición sobre persoas refuxiadas

Os concellos socios do Fondo Galego poderán acoller ao longo deste ano a exposición **'No colo da esperanza', realizada por Felipe Carnotto** en 2015 na denominada "ruta dos Balcáns", a través da que milleiros de persoas fuxían da guerra en Siria á procura de refuxio en Europa. O fotoxornalista, gañador da segunda edición do certame Imaxes con Fondo, cede temporalmente as súas fotografías para sensibilizar á veciñanza sobre esta grave problemática. As instantáneas están protagonizadas principalmente por rapazas e rapaces que atravesan os Balcáns canda as súas familias na busca dun futuro próspero en Europa. A forza das imaxes pretende poñer o foco nas inxustizas que están a acontecer para que milleiros de refuxiadas e refuxiados abandonen os seus fogares coa esperanza de vivir en paz.





Memoria 2017: 20 Anos a Fondo coa Solidariedade

Xa está publicada a 'Memoria 2017: 20 Anos a Fondo coa Solidariedade', que resume a actividade realizada polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade durante o pasado exercicio, marcado pola **conmemoración do vixésimo aniversario** da entidade. Unha efeméride que impulsou a participación no seo da asociación, así como a captación de novas administracións socias, e que nos situou na presidencia da Confederación de Fondos a nivel estatal. En 2017 seguimos fortalecendo lazos con institucións galegas e cos parceiros en terreo, visitando Cabo Verde ou Mozambique pero tamén recibindo en Galicia unha delegación ministerial de Guinea-Bissau. Tivemos asemade moi presentes os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), tanto en accións formativas como de sensibilización. Alén de dar conta dos proxectos de cooperación internacional, a memoria de 2017 péchase cunha sección dedicada á comunicación, outra co balance económico do exercicio e, por último, a axenda coa listaxe de actividades realizadas ao longo deste intenso ano.



Caderno 'Experiencias solidarias 2017'

O caderno que recolle as experiencias do programa Vacacións con Traballo 2017 xa está dispoñible online. A publicación dixital recolle as vivencias de Magui Docanto, traballadora social do **Concello de Cabana de Bergantiños**, apoiando á Fundação Encontro. A voluntaria percorreu varias comunidades canda o equipo da ONGD, que na súa Área de Acción Social traballa nos eidos da educación e a saúde con tres grupos prioritarios: menores orfos e vulnerables, enfermos crónicos e persoas maiores desamparadas. Pola súa banda, a técnica de Xuventude do **Concello de Rianxo**, Uxía Cespón, relata a colaboración en materia de igualdade de xénero co municipio de Mandlakazi, onde dinamizou actividades de sensibilización sobre violencia de xénero con grupos de mulleres e tamén traballou con xente nova. Ambas as dúas técnicas dan mostra no caderno 'Experiencias solidarias 2017' de que non só compartiron os seus coñecementos profesionais, senón que tamén **se empaparon dunha realidade diferente sobre a que agora están a sensibilizar** en centros educativos e outros espazos.

* OS PROXECTOS EN TERREO: Resposta á emerxencia alimentaria nos campamentos saharauís

As refuxiadas e refuxiados saharauís levan corenta anos sufrindo as duras consecuencias do exilio no deserto e 2017 non foi unha excepción, polo que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade destinou o ano pasado **6.000 euros á provisión de alimentos para a poboación dos campamentos** de Tinduf, en Alxeria. A devandita axuda humanitaria facilitóuselle á asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (Sogaps), que á súa vez a canalizou a través das autoridades locais e da Media Lúa Vermella, que realizou a **distribución segundo criterios de necesidade e urxencia**.

O esgotamento das reservas de alimentos básicos, especialmente azucre e arroz, obrigou ao Programa Mundial de Alimentos a **reducir nun 20% as racións mensuais** destinadas á poboación xa a mediados de ano. Ao tempo que minguaron os alimentos frescos dispoñibles, tamén se acabaron os produtos micronutrintes, dirixidos a **loitar contra a malnutrición e a anemia**, poñendo en risco a 220.000



A Media Lúa Vermella encargouse de distribuír os alimentos entre a poboación saharauí.

* Mulleres e nenos afectados por estas doenzas. Xerouse así unha grave crise alimentaria, que coincidiu co aumento das temperaturas, de aí o chamamento á comunidade internacional para incrementar as doazóns.

O Fondo Galego colaborou en varias ocasións con Sogaps para mellorar as condicións de vida das refuxiadas e refuxiados do Sáhara, principalmente en materia de sanidade e alimentación. A última foi en 2016, cando se cofinanciou con 10.000 euros a reconstrución dun centro sanitario que fora derrubado polas intensas chuvias do ano anterior. Así mesmo, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade **ten apoiado a distintas poboacións refuxiadas, como a palestina ou a siria**, con accións de emerxencia e declaracións institucionais nas que reclamaba medidas ás altas instancias políticas para atallar as verdadeiras causas do problema, en cuxo cerne están os intereses xeopolíticos dos países máis poderosos.



As refuxiadas e refuxiados de Tinduf levan corenta anos sufrindo as consecuencias do exilio.



INFÓRMATE a FONDO

Edita: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
Redacción e Administración: Centro Cívico Sur, Rúa Luís Braille, 40
36003 Pontevedra
Tel/Fax: 986 84 34 36 / 698 14 45 36
Internet: <http://www.fondogalego.org> email: info@igadi.org
Depósito Legal: VG-473-2007
Autorízase a reprodución e divulgación desta folla informativa



XUNTA
DE GALICIA



cooperacióngalega

SOCIOS DO FONDO GALEGO Concellos: A Coruña, A Estrada, A Guarda, A Laracha, A Pastoriza, A Pobra de Trives, A Pobra do Caramiñal, Abegondo, Alfoz, Allariz, Ames, Arteixo, As Neves, As Pontes, Barro, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Burela, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Caldas de Reis, Cambados, Cambre, Carballo, Cariño, Cartelle, Castrelo de Miño, Castroverde, Cedeira, Corcubión, Covelo, Culleredo, Cuntis, Dumbría, Fene, Ferrol, Gondomar, Guitiriz, Laxe, Lousame, Lugo, Malpica de Bergantiños, Manzaneda, Miño, Moaña, Moeche, Mondoñedo, Monfero, Monforte, Moraña, Mugardos, Muros, Narón, Nigrán, Noia, O Barco, O Irixo, O Porriño, O Valadouro, Oímbra, Oleiros, Ourense, Outes, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Ramirás, Redondela, Rianxo, Ribeira, Riotorto, Rodeiro, Sada, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Santiago de Compostela, San Sadurniño, Sarria, Silleda, Soutomaior, Teo, Tomiño, Triacastela, Valga, Vereia, Verín, Vilagarcía de Arousa, Vilar de Santos, Vilardevós, Vilasantar, Viveiro, Xove
Deputacións: A Coruña, Lugo, Pontevedra.

